



## Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte n.º: 2821/2017

### PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

#### **ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 05/17**

Vista a necesidade de executar neste exercicio 2017 investimentos de mellora de centros educativos por un importe total de 33.000 €, como se detalla na memoria da alcaldía que figura no expediente:

- Reparación da cuberta do CEP Salustiano Rey Eiras (edificio maior). Valoración aproximada: 16.000 euros.
- Reparación da cuberta do patio da EEI Fernández Varela. Valoración aproximada de 8.000 euros.
- Instalación dun pavimento de caucho no patio da EEI de Santa Cruz. Valoración aproximada de 9.000 euros.

Visto que na aplicación orzamentaria 323.63200 non existe crédito orzamentario para o custe de dito investimento.

Visto que é posible a financiación deste investimento con unha operación de endebedamento a longo prazo de acordo co apartado b) do artigo 50 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

#### **Proponse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 05/17, por un importe total de 33.000,00 €, coa finalidade seguinte:

- INVESTIMENTOS DE MELLORA DE CENTROS EDUCATIVOS

#### **APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTOS:**

PROGRAMA	ECONOMICA	DENOMINACION	IMPORTE
323	63200	Centros educativos. Inversións reposición en edificios e outras construcións	33.000,00 €

O medio de financiamento será unha nova operación de endebedamento a longo prazo polo importe de investimento:

## Concello de A Pobra do Caramiñal



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

### SUBCONCEPTO DE INGRESOS:

SUBCONCEPTO	DENOMINACION	IMPORTE
91300	Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fora do sector público	33.000,00 €

**SEGUNDO.-** Autorizar a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo polo importe do crédito extraordinario, que se poderá instrumentar mediante póliza de crédito con unha duración máxima de dous anos, transcorrida a cal consolidarase como operación a longo prazo polo con un periodo de amortización máximo de 20 anos, polo importe efectivamente disposto.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Alcalde para a tramitación e adxudicación da operación de endebedamento que financia este crédito extraordinario nos termos previstos no punto SEGUNDO deste acordo.

**CUARTO.-** Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,  
O Alcalde  
José Luis Piñeiro García